

BOLETÍN EURES-T NORTE PORTUGAL-GALICIA

España e Portugal reforzan as súas relacións

Ambos os dous países despregaron ao longo do último trimestre unha intensa axenda de contactos, que dá conta do interese estratéxico e o nivel de relacións e cooperación que manteñen. Dentro dos encontros desenvolvidos, o máis importante foi o Cumio Bilateral que reuniu, no mes de xaneiro, aos seus xefes de Goberno acompañados de vinte e catro dos seus ministros, en Zamora. Tratouse do cumio máis numeroso dos que tiveron lugar ata o momento a este nivel, o que permitiu a organización de encontros de carácter sectorial, entre os que destacaron os que tiveron por obxecto o ámbito laboral.

Actualidade 2

Monográfico 4

Emprego 6

Novidades legislativas 10

Consultas 10

Cooperación empresarial 12

Así, analizouse o impacto da crise no mercado do traballo e fíxose balance da cooperación emprendida en 2008 e a do futuro, que se verá reforzada, segundo se comentou, en ámbitos como a prevención da sinistralidade laboral.

Así mesmo, ao longo do cumio, destacou a importancia dos proxectos de investimentos conxuntos emprendidos no marco da cooperación transfronteiriza, que poden alcanzar un investimento de 179,3 millóns de euros no período 2009-2010. Por outro lado, impulsáronse importantes proxectos de cooperación, entre outras áreas, en infraestruturas e investigación e anunciouse, neste último ámbito, a creación dun novo laboratorio ibérico, á imaxe do que existe actualmente en Braga, mais centrado no desenvolvemento de enerxías renovables.

De xeito paralelo á realización deste cumio oficial, as principais organizacións empresariais de Portugal e España, AIP e CEOE, convocaron o Encontro Empresarial Hispano-Portugués, en Madrid. No seu transcurso, analizouse o estado actual das relacións comerciais, tanto a nivel bilateral coma no contexto europeo, para avanzar nas súas perspectivas de futuro.

Por último, nun contorno xeográfico máis próximo, o pasado mes de febreiro tivo lugar na cidade de Guimaraes a Conferencia sobre a Cooperación Transfronteiriza, un evento no que revisaron as políticas e os proxectos de cooperación transfronteiriza postos en marcha nos últimos anos para proxectar, a continuación, as liñas de cooperación que se desenvolverán tras a constitución das Agrupacións Europeas de Cooperación Territorial (AECT), nas rexións limítrofes de España e Portugal.

Como se pode comprobar, as relacións entre España e Portugal, en xeral, e entre Galicia e o norte de Portugal, en particular, desenvolvéronse a bo ritmo ao longo dos últimos meses. No interior deste boletín dáse conta tamén dos avances rexistrados no eido da lexislación, da investigación, etc., que contribuíron tamén a profundar e fornecer estas relacións. Así mesmo, tamén se pon de manifesto a intensa actividade da Unión Europea na programación de medidas de reactivación da economía e do emprego, como as recomendacións do Consello da Unión Europea, no perfeccionamento e mellora do funcionamento do mercado interior europeo, removendo, por unha banda, obstáculos nacionais á libre prestación de servizos a través de diferentes medidas sendo unha delas o lanzamento dun novo portal para impulsar os negocios transfronteirizos, e por outra banda, poñendo en marcha medidas e instrumentos que faciliten a libre circulación de traballadores a través de medidas como a creación do comité de expertos sobre o desprazamento de traballadores.

A Comisión crea un comité de expertos sobre o desprazamento de traballadores

Desde o pasado mes de decembro, a Comisión dispón dun comité de expertos sobre desprazamento de traballadores, un órgano que naceu como un grupo informal, ao que polo seu interese e pola súa vixencia se deu carta de natureza na Comisión. Este comité desenvolverá as seguintes funcións:

- Apoiar e axudar os estados membros a identificar e intercambiar experiencias e boas prácticas.
- Promover o intercambio de información pertinente, incluída a información sobre formas existentes de cooperación administrativa (bilateral) entre os estados membros e/ou os interlocutores sociais.
- Examinar as cuestións, as dificultades e os problemas específicos que poidan xurdir en

relación coa implementación e a aplicación da Directiva 96/71/CE ou as medidas nacionais de execución, así como a súa aplicación na práctica.

- Realizar un seguimento dos logros alcanzados na mellora do acceso de información e da cooperación administrativa e, nese contexto, entre outras cousas, avaliar as diferentes opcións para prestar un apoio técnico axeitado ao intercambio de información necesario para reforzar a cooperación administrativa, incluído un sistema electrónico de intercambio de información.
- Examinar as posibilidades de mellorar o cumprimento efectivo e a aplicación dos dereitos dos traballadores e protexer a súa posición, en caso necesario.

- Realizar un exame pormenorizado dos problemas que formula a execución práctica transfronteiriza da lexislación para solucionar os problemas existentes, mellorar a aplicación práctica dos instrumentos xurídicos en vigor e mellorar a axuda mutua entre estados membros, se é necesario.

O comité, presidido pola Comisión, estará integrado por distintos expertos de cada estado membro que colaboren na aplicación e no control das normas relacionadas co desprazamento de traballadores no marco dunha prestación de servizos. De conformidade co dereito nacional e coa práctica, poden estar representados no comité organismos especializados responsables do control da lexislación, os servizos de inspección laboral, e os interlocutores sociais.

Políticas de emprego e crise

O Consello Europeo publicou unha serie de recomendacións en relación coas orientacións xerais de política económica dos estados membros e da Comunidade e coa execución das súas políticas de emprego.

No devandito documento, introdúcese unha breve análise de situación da zona euro, no que se poñen de relevo os seguintes aspectos:

- a recesión que afecta a zona euro
- o previsible endurecemento dos mercados financeiros
- a deterioración da confianza de familias e empresas
- o retraemento das exportacións
- a caída da inflación
- o previsible aumento do déficit público e da débeda

Nas devanditas recomendacións, inclúese unha previsión do impacto que estas tendencias económicas terán sobre o mercado laboral.

O potencial de crecemento dos socios da zona euro depende de xeito fundamental do emprendemento de reformas que faciliten o axuste do mercado laboral e melloren a competencia no sector servizos.

Ademais, nas economías caracterizadas polos seus desequilibrios exteriores, a evolución dos custos laborais deberían manter unha correspondencia cos niveis de competitividade dentro da zona.

No que se refire a España e Portugal, o Consello destaca os seguintes datos e previsións:

	ESPAÑA	PORTUGAL
PIB	O PIB de España descendeu ata o 1,2% en 2008. Ao longo de 2009 entrará en recesión.	O crecemento do PIB de Portugal reduciuse ao 0,2% en 2008, tras chegar case a un 2% en 2007. Espera que en 2009 se manteña a tendencia.
INFLACIÓN	A inflación creceu ata o 4,1% en 2008, pero espera que se reduza considerablemente.	En 2008 chegou ao 2,7%, por baixo da media na zona euro e agora segue a tendencia descendente xeral.
DÉFICIT	En 2008 o déficit do orzamento do Estado situouse no 3,4% do PIB, máis de cinco puntos porcentuais en comparación con 2007. Calcúlase que o déficit por conta corrente alcanzou case o 9,5% do PIB en 2008. A Comisión espera que se reduza en 2009.	O déficit orzamentario foi lixeiramente superior ao 2% do PIB en 2008 e o déficit por conta corrente aumentou o 11,8% do PIB. As previsións para 2009 son de melloría.
EMPREGO	A taxa de desemprego situouse por riba do 11% en 2008 e espera que rexistre un novo incremento importante en 2009 ata chegar ao 16%.	A taxa de desemprego alcanzara un máximo do 8,1% en 2007 e reduciuse moderadamente en 2008. A tendencia para 2009 será de incremento.

Á vista da avaliación dos progresos realizados, o Consello recomenda-lles aos estados membros da zona euro axilizar a aplicación de reformas estruturais que:

- garantan unha aplicación puntual e coherente de toda a lexislación comunitaria,
- apliquen con determinación os principios comúns da UE en materia de flexiseguridade,
- intensifiquen reformas que aumenten a flexibilidade e a competencia nos mercados de bens e servizos e contribúan a consolidar o mercado interior.

En canto ás áreas fronteirizas, o Consello recomenda a promulgación de medidas destinadas a fomentar a mobilidade dos traballadores tanto a nivel territorial como entre os distintos sectores e profesións, así como a ligar os incrementos salariais á produtividade e ao aumento do emprego e á competitividade a nivel profesional, rexional, sectorial e global.

En canto ás recomendacións específicas a España e a Portugal, o Consello inclúe as seguintes medidas:

ESPAÑA	PORTUGAL
<ul style="list-style-type: none"> • Transición rápida ao mercado laboral, fomentando máis a mobilidade, mellorando a capacitación e loitando contra a segmentación do mercado laboral. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplicar a lexislación para modernizar a protección do emprego, en particular o código laboral aprobado, co fin de contrarrestar a segmentación do mercado laboral, no marco dunha formulación de flexiseguridade.
<p>Velar pola aplicación efectiva das reformas do ensino:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reducir o abandono escolar prematuro. • Incrementar a taxa de persoas que finalizan a educación secundaria superior. • Adaptación rápida ao proceso de Boloña. 	<ul style="list-style-type: none"> • Mellorar de xeito permanente a eficiencia xeral do sistema educativo. • Desenvolver un sistema de formación profesional que responda ás necesidades do mercado laboral, mediante a plena aplicación do Marco Nacional das Cualificacións, coa participación dos interesados.

Nova Clasificación Nacional de Actividades Económicas en España: CNAE-2009

A Clasificación Nacional de Actividades Económicas (CNAE) presenta desde principios de ano certas modificacións, adoptadas co obxectivo de garantir a compatibilidade da información tanto con Portugal como co resto de estados membros. A raíz destes cambios, os códigos españois poderanse poñer en relación cos dos seus veciños, o que redundará nunha maior fiabilidade das estatísticas existentes.

Algunhas das novidades introducidas na CNAE responden á propia evolución da economía desde a datación do anterior modelo, de 1993; de xeito significativo, no que respecta aos procesos produtivos e ás novas tecnoloxías, en especial Internet. Destaca, ademais, a evolución do sector servizos, que incrementou a súa presenza no desenvolvemento da economía, e a importancia crecente que está a cobrar o medio.

A CNAE-2009 empezouse a empregar en España desde xaneiro deste mesmo ano, des-

pois de que a Unión Europea desenvolvese un plan de implantación que resultou nunha clasificación harmonizada para todos os países que conforman a UE.

Portugal conta cunha codificación das actividades económicas, cuxa última revisión se produciu en 2007, Classificação Portuguesa das Actividades Económicas (CAE), que presenta unha estrutura similar á actualmente en vigor en España.

Esta analoxía entre ambas as dúas clasificacións facilita a comparación dos datos e o encadramento de empresas e traballadores en sectores de actividade, por exemplo para os efectos de determinar a normativa aplicable ás relacións laborais cando a empresa desenvolve a súa actividade no país veciño.

Pódese consultar a nova clasificación na páxina web do INE: <http://www.ine.es>. Do mesmo xeito, a CAE lusa está dispoñible na páxina web do INE de Portugal: <http://www.ine.pt>.

Novo portal para impulsar os negocios transfronteirizos

O portal *A túa Europa-Empresa* foi relanzado, con motivo do Cumio Empresarial Europeo que tivo lugar o pasado mes de marzo, en Bruxelas.

O obxectivo desta ferramenta consiste en asesorar os empresarios sobre as oportunidades comerciais que proporcionan os estados membros da Unión Europea e ofrece, para iso, información sobre os requisitos legais, as posibilidades e as limitacións que presenta cada un dos países, así como un acceso directo aos servizos de administración electrónica (como os procedementos de devolución

do IVE) e procedementos administrativos en liña.

Por último, o portal resulta tamén de utilidade para coñecer os distintos servizos de apoio ás empresas existentes en cada país, entre os que se achán os distintos puntos de información da Enterprise Europe Network, un de cuxos centros está na Confederación de Empresarios de Galicia.

O portal <http://ec.europa.eu/youreurope/business> está dispoñible en todas as linguas oficiais dos estados membros.

Portugal pon trabas á presenza de empresas comunitarias no sector da construción

A Comisión Europea remitiu a normativa portuguesa que obriga as empresas da construción que desexen prestar os seus servizos no devandito país a obter unha autorización previa, ao Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas, interpoñendo un recurso que está a ser obxecto de análise.

A devandita normativa supedita o exercicio da actividade á concesión dunha licenza, aínda que se trate de empresas da construción que non se vaian establecer en Portugal, senón simplemente a realizar unha prestación de servizos. A obriga, en consecuencia, de establecerse nese país para prestar servizos, limitando o obstaculizando a posibilidade de prestar servizos

con carácter temporal, é contraria ao artigo 49 do Tratado CE.

A construción, un dos sectores máis dinámicos en canto á mobilidade de traballadores e empresas entre Galicia e o Norte de Portugal, non só foi obxecto de medidas garantistas neste último país. En España, as empresas que desexen prestar servizos como contratistas ou subcontratistas deben inscribirse nun rexistro de empresas acreditadas, xestionado a nivel autonómico, pero a devandita inscrición require previamente a acreditación de certos requisitos de capacidade e calidade, entre outras materias en prevención de riscos laborais.

Fiscalidade e residencia: a soberanía estatal e a súa correlación co Tratado CE

A fiscalidade dos traballadores comunitarios é un dos aspectos máis preocupantes para os cidadáns que se desprazan a outro país no exercicio da súa profesión, ben ao cambiar o seu domicilio durante un período de tempo ou ben regresando periodicamente ao seu país de orixe, distinto a aquel no que realizan a súa actividade laboral.

Tanto os traballadores, responsables de realizar de xeito periódico as súas declaracións e liquidacións fiscais, como as empresas empregadoras, responsables no seu caso de practicar as correspondentes retencións sobre os ingresos, deben observar o marco fiscal que os vincula.

Pola súa banda, os estados membros adoitan aplicar criterios expansivos á hora de interpretar os suxeitos pasivos, é dicir, aqueles obrigados a tributar polos seus ingresos nese estado, por residir no devandito territorio ou por recibir rendas neste.

Nalgúns casos, estas circunstancias poden ser incompatibles co Tratado da Comunidade Europea, como acontece, segundo a Comisión, en España. A súa lexislación obriga os traballadores que abandonan o país durante o ano fiscal, á diferenza dos que permanecen como residentes, a realizar a liquidación sen finalizar o devandito exercicio das obrigas tributarias correspondentes ata o momento do traslado.

A Comisión considera que esta normativa pode disuadir as persoas físicas de exercer o seu dereito de libre circulación e constituír unha restrición aos dereitos contidos no Tratado da Comunidade Europea.

Por iso, o executivo comunitario remitiu a España, o pasado outubro, un ditame motivado instándoo a modificar a súa normativa interna no prazo de dous meses. Unha vez consumido este período e tras comprobar que non se emprendera ningunha modificación, a propia Comisión levou o asunto ante o Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.

Análise da mobilidade laboral na eurorrexión Galicia-Norte de Portugal

Dentro do amplo abano de intercambios que se producen entre Galicia e o Norte de Portugal, un dos máis destacables é o que protagonizan os cidadáns que atravesan a fronteira para desempeñar a súa actividade profesional. A pesar de que se presupón un elevado movemento de traballadores entre ambos os dous territorios, ata o momento descoñécese con exactitude o número que transitaba dun lado a outro da fronteira, xa que só se dispoñían de estimacións vagas e inconclusas.

Esta carencia motivou a elaboración, por proposta da Confederación de Empresarios de Galicia (CEG), dunha acción específica, no marco das actividades do EURES-T, denominada *Tendencias do Mercado Laboral*, co obxectivo de identificar as fontes de información claves en relación co mercado laboral da eurorrexión, especialmente as relativas á libre circulación e desprazamento dos traballadores transfronteirizos.

Dentro desta acción, unha das tres fronteiras de actuación nas que se divide consiste na elaboración dun estudo técnico que recompila todas as fontes de información e os indicadores dos distintos organismos públicos e privados de interese para afondar no coñecemento do mercado de traballo e a mobilidade na eurorrexión.

Unha primeira versión do estudo *O mercado laboral da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a mobi-*

lidade dos traballadores foi recentemente presentado, ofrecendo certos datos en relación co movemento de traballadores na fronteira. Estes datos aínda non son definitivos, dado que se complementarán, no transcurso da próxima fase da acción *Tendencias do Mercado Laboral*, coas achegas realizadas polos socios do EURES-T.


Non obstante, segundo o informe actual, ao redor de 14.500 cidadáns portugueses residían en Galicia no ano 2007 e case 3.000 galegos o facían en Portugal en 2008, estes últimos procedentes principalmente da provincia de Pontevedra.

En canto ao número de contratacións, 20.500 traballadores portugueses ocupáronse en Galicia en 2007. Deles, máis do 75% nas provincias de Pontevedra e A Coruña. En canto ás áreas de actividade, a metade desempeñou o seu traballo nos sectores da construción, as industrias manufactureiras e na minaría.

No que respecta ao desprazamento dos traballadores para a prestación de servizos transnacionais, cabe destacar que Portugal é o primeiro país en canto á procedencia dos traballadores desprazados a Galicia (superando o 90% de casos); e na súa gran maioría os desprazamentos están vinculados á construción.

Trátase, en consecuencia, do sector máis dinámico desde o punto de vista da mobilidade, xa que as em-

Distribución dos cidadáns portugueses contratados en Galicia por provincia de traballo (ano 2007)



Fonte: Observatorio Ocupacional Consellería de Traballo (Xunta de Galicia) Datos facilitados polo Observatorio Ocupacional para este estudo

presas portuguesas da construción representan o 94% das que se desprazan a Galicia, cun maior impacto nas provincias da Coruña e Pontevedra.


A realización deste estudo técnico correu a cargo, unha vez trazado o plan de acción e aprobada pola Comisión a planificación proposta, por un equipo de investigación da Universidade de Vigo. Tras a presentación desta primeira versión, constituíuse un grupo de traballo presidido pola CEG e formado polos socios e membros do EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia (servizos públicos de emprego, centrais sindicais, organizacións empresariais e entidades locais e rexionais tanto de Galicia como do Norte de Portugal).

Fóra dos datos que ofrece sobre a mobilidade dos traballadores na

eurorrexión, completa o estudo *O mercado laboral da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal e a mobilidade dos traballadores* unha primeira parte de carácter xurídico, na que se describen, desde este prisma, os protagonistas da mobilidade e revísase o marco que regula cada unha das situacións nas que se produce ese intercambio.

Por unha banda, analízanse os traballadores *móviles* e a súa tipoloxía: emigrantes clásicos, traballadores fronteirizos que traballan nun estado pero regresan diariamente, ou polo menos unha vez á semana, ao outro estado no que residen, e traballadores desprazados no marco dunha prestación de servizos transnacional. Por outra, abórdase a realidade xurídica das empresas, as outras protagonistas da mobilidade, que poden operar a través dun establecemento permanente ou prestar

Distribución por país de procedencia das persoas traballadoras desprazadas a Galicia para prestación transnacional de servizos (ano 2008)



Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais – Consellería de Traballo (Xunta de Galicia)
Datos facilitados pola Dirección Xeral para este estudo


os seus servizos sen contar cunha estrutura estable no país de destino.

Nunha segunda parte, o estudo selecciona e define os indicadores que poden achegar información de relevancia para coñecer a realidade do mercado laboral e da mobilidade na eurorrexión: estatísticas relativas á

mobilidade da poboación, indicadores relativos ao mercado de traballo, etc. Unha das condicións é que non existe un criterio homoxéneo entre as fontes portuguesas e españolas ou galegas.

Nesta epígrafe, inclúense os institutos nacionais de estatística de España e de Portugal, a Secretaría Xeral de Emigración da Xunta de Galicia e o Servizo de Estrangeiros e Fronteiras de Portugal como as fontes máis recorrentes en relación coa poboación; mentres que no ámbito do traballo destacan os observatorios ocupacionais de España, Portugal e Galicia, os departamentos competentes en material de formación e emprego de Galicia e Portugal (Consellería de Traballo e Instituto do Emprego e Formación Profesional) e os departamentos competentes en materia de Seguridade Social como as fontes máis relevantes.

Distribución por sector de actividade das persoas traballadoras desprazadas a Galicia por empresas portuguesas (ano 2008)



Fonte: Dirección Xeral de Relacións Laborais – Consellería de Traballo (Xunta de Galicia)
Datos facilitados pola Dirección Xeral para este estudo

Emprego

No cuarto trimestre de 2008, a poboación activa na eurorrexión era de 3.297.800 persoas, o que supón un descenso de 5.400 persoas con respecto ao período anterior. Mentres en Galicia se incrementou, no Norte de Portugal descendeu con respecto ao primeiro semestre do ano, como podemos comprobar nos seguintes cadros.

A taxa de actividade en Galicia tamén se incrementou respecto ao ano anterior e pasou do 54,2% no cuarto trimestre do ano 2007 ao 55,4% no mesmo trimestre de 2008.

A taxa de paro en Galicia no segundo semestre de 2008 incrementouse notablemente respecto ao primeiro semestre do ano; pasou do 8,3% do primeiro semestre ao 9,7% do cuarto trimestre de 2008. Este incremento foi superior nos homes.

Poboación activa (en miles)			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/III	1.326,9	728,4	598,5
2008/IV	1.324,1	722,4	601,6

Fonte: IGE

Poboación activa (en miles)			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/III	1.982,7	1.059,6	923,1
2008/IV	1.973,3	1.065,1	908,7

Fonte: INE Portugal

Taxa de actividade			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/III	55,6	63,8	48,0
2008/IV	55,4	63,3	48,2

Fonte: IGE

Taxa de actividade			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/III	62,7	70,0	56,0
2008/IV	62,3	70,3	55,0

Fonte: INE Portugal

Taxa de paro			
Galicia			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/III	8,5	7,0	10,3
2008/IV	9,7	8,8	10,9

Fonte: IGE

Taxa de paro			
Norte de Portugal			
Trimestre	Total	Homes	Mulleres
2008/III	9,1	7,4	11,0
2008/IV	8,7	7,6	10,0

Fonte: INE Portugal

A taxa de actividade no Norte de Portugal, ao contrario que en Galicia, descendeu en 2,2 puntos respecto ao ano anterior e pasou do 64,4% no cuarto trimestre de 2007 ao 62,3% no mesmo trimestre de 2008. Este descenso da taxa de actividade afectou en maior medida ao colectivo feminino.

A taxa de paro no Norte de Portugal tamén se incrementou no segundo semestre de 2008 e situouse no cuarto trimestre de 2008 no 8,7%, fronte ao 9,1% do cuarto trimestre de 2007. Isto supón un incremento de 1,2 puntos.

Oferta e demanda de emprego

Nos cadros que vemos a continuación analízase a oferta de emprego para o período correspondente ao segundo semestre do ano 2008.

Ocupacións con maior demanda no Norte de Portugal

No segundo semestre do ano 2008, as ocupacións máis solicitadas polas empresas do Norte de Portugal, e que supoñen máis da metade do total, foron as seguintes: operarios industriais (17%); persoal de servizos, protección e seguridade (15%); peóns industriais, construción e minaría (12%) e traballadores non cualificados de servizos e comercio (10%). Neste período volve a repuntar a oferta de operarios industriais que caera notablemente no semestre anterior. Tamén crece a demanda de dependentes e vendedores, técnicos e profesionais de nivel intermedio e de licenciados universitarios.

	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Operarios industriais	585	431	762	775	790	564
Persoal de servizos, protección e seguridade	557	612	807	531	522	429
Peóns industriais, construción e minaría	482	394	553	413	531	426
Traballadores cualificados da construción e minaría	321	366	301	318	268	208
Empregados tipo administrativo	298	292	476	437	231	306
Traballadores non cualificados de servizos e comercio	346	385	488	421	373	374
Traballadores cualificados industria	261	200	282	321	240	145
Condutores e operadores de maquinaria móbil	282	254	300	250	153	193
Dependentes e vendedores	291	421	302	264	534	252
Técnicos e profesionais nivel intermedio	130	115	144	196	169	178
Titulados medios universitarios	154	88	207	198	135	90
Licenciados universitarios	61	57	87	95	77	111

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formación Profesional, I.P. Servizo Público de Emprego

Ocupacións con maior demanda en Galicia

En Galicia, nos últimos seis meses do ano 2008, persiste a desaceleración económica provocando a caída do consumo e unha menor demanda de traballadores en todos os sectores de actividade.

No cadro seguinte podemos observar como os sectores máis afectados son a construción, a industria e os servizos. Con todo, as ocupacións máis demandadas seguen sendo as de peóns agrícolas (19%), traballadores da construción (14%), técnicos profesionais de nivel intermedio (11%) e traballadores de servizos de restauración (10%).


	Xaneiro	Febreiro	Marzo	Abril	Maio	Xuño
Traballadores servizos restauración	460	304	433	360	232	222
Peóns agrícolas	740	369	1.582	314	477	313
Traballadores construción	673	537	478	343	529	198
Técnicos e profesionais nivel intermedio	308	243	505	416	338	428
Empregados tipo administrativo	173	156	355	229	232	157
Dependentes e vendedores	119	57	79	242	169	43
Traballadores cualificados da agricultura	162	45	34	94	315	67
Condutores e operadores de maquinaria móbil	242	102	202	66	65	125
Operarios industriais	595	88	543	217	39	9
Traballadores cualificados industria	302	124	163	140	69	58
Titulados medios universitarios	119	91	194	148	137	112
Traballadores non cualificados de servizos	204	168	156	255	199	139
Licenciados universitarios	138	140	335	469	198	163
Traballadores servizos, protección e seguridade	287	15	30	18	15	7

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo




Da análise das ocupacións máis demandadas na euronrexión, podemos observar como os dous territorios teñen unha evolución distinta. Mentres Portugal segue mantendo a mesma demanda de ocupacións ou incluso a incrementa, Galicia diminúe a súa oferta de emprego e modifica as ocupacións máis demandadas; pasa a ser agora o sector primario o que máis traballo oferta.

Ocupacións máis demandadas no Norte de Portugal Segundo semestre 2008



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego

Ocupacións máis demandadas en Galicia Segundo semestre 2008



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo

Ofertas de emprego por sector produtivo no Norte de Portugal

Na rexión Norte de Portugal, os sectores produtivos que lideraron a oferta de traballo durante o último semestre do ano foron o secundario representado pola industria manufactureira máis a construción e o sector servizos, representado fundamentalmente polas actividades inmobiliarias, o comercio e as reparacións e a hostalaría, que incrementan a súa oferta con respecto ao primeiro semestre do 2008.

	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Industria manufactureira	915	678	1.187	1.265	1.041	856
Construción	372	480	472	473	400	228
Comercio e reparacións	614	912	684	552	723	492
Actividades inmobiliarias	833	660	991	852	1.030	946
Hostalaría	390	440	599	354	350	296
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	202	108	279	231	166	133
Transporte, almacenaxe e actividades de comunicación	65	65	148	92	44	44
Agricultura, gandaría e pesca	58	41	60	85	40	31
Electricidade, gas, auga e saneamento e residuos	8	19	25	10	10	44
Intermediación financeira	3	3	19	9	2	7
Outras actividades de servizos	194	173	216	283	156	170
Industria extractiva	13	2	7	8	11	8

Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego

Ofertas de emprego por sector produtivo en Galicia


En Galicia, a oferta de emprego no segundo semestre de 2008 diminuíu notablemente en todos os sectores de actividade, pero sobre todo na construción, na hostalaría e na industria manufacturera.

Como en semestres anteriores, a oferta de emprego do sector público é a máis importante, seguido da construción.

	Xullo	Agosto	Setembro	Outubro	Novembro	Decembro
Administración pública, educación, sanidade e servizos sociais	1.444	858	2.205	1.009	1.189	762
Hostalaría	259	153	210	145	102	102
Construción	850	530	496	364	385	117
Industria manufacturera	821	213	738	294	126	84
Actividades inmobiliarias	216	198	263	480	234	294
Comercio e reparacións	275	209	284	260	189	138
Agricultura, gandería e pesca	343	67	79	88	93	45
Transportes, almacenaxe e comunicacións	83	62	150	28	122	29
Intermediación financeira	15	20	61	51	27	26
Industria extractiva	4	0	1	3	0	4
Outras actividades sociais	231	154	637	581	507	436
Persoal doméstico	6	7	6	31	12	12


Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo

Sectores produtivos con maior oferta laboral Norte de Portugal - segundo semestre 2008



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto do Emprego e Formação Profesional, I.P. Serviço Público de Emprego

Sectores produtivos con maior oferta laboral Galicia - segundo semestre 2008



Fonte: Elaboración propia a partir de datos estatísticos do Instituto Nacional de Emprego e da Consellería de Traballo



Novidades legislativas

Desenvolvemento regulamentario da Lei 20/2007, do 11 de xullo, do Estatuto do traballador autónomo

O Estatuto do traballador autónomo supuxo unha importante evolución na regulación das relacións deste tipo de traballadores, ao dotalos dun marco xurídico integrado.

A normativa introduciu como principal novidade a figura do traballador autónomo economicamente dependente (TAED), é dicir, aquel que percibe polo menos o 75% dos seus ingresos dunha soa empresa ou dun cliente. Coa entrada en vigor desta nova lei, neste tipo de casos, o traballador debe formalizar o seu contrato por escrito e rexistralo na oficina pública correspondente.

A principios do mes de marzo produciuse o desenvolvemento regulamentario desta lei, coa aprobación do Real decreto 197/2009, do 23 de febreiro.

Este novo regulamento responde ao desenvolvemento encomendado pola lei en canto ás características dos contratos dos traballadores autónomos economicamente dependentes con carácter xeral e especificamente aos contratos relativos ao sector dos axentes de seguros.

O contrato terá a duración que as partes acordan e, se non se fai mención a unha data ou a un servizo determinado, enténdese pactado por tempo indefinido.

O regulamento determina os aspectos que deben incorporarse ao contrato con carácter obrigatorio e, ademais, enumera outros requisitos ou estipulacións que se poderían incluír.

Na parte obrigatoria figura:

- A identificación das partes.
- A precisión dos elementos que configuran a condición de economicamente dependente do traballador autónomo respecto do cliente co que contrata, que son obxecto dun prolixo desenvolvemento no regulamento.
- O obxecto e a causa do contrato, precisando para iso o contido da prestación do TAED e a determinación da contraprestación económica asumida polo cliente en función do resultado, incluída, se é o caso, a periodicidade e o modo de ambas as dúas prestacións.
- O réxime da interrupción anual da actividade, do descanso semanal e dos festivos, así como a duración máxima da xornada da actividade, incluíndo a súa distribución semanal se esta se computa por mes ou ano.
- O acordo de interese profesional que, no seu caso, sexa de aplicación.

Entre as cláusulas potestativas figuran: a data de comezo, a duración do contrato, o prazo do aviso previo tanto para o traballador como para o cliente á hora de extinguir o contrato ou calquera outra que as partes acordan.

En canto ás especificidades do TAED do sector

dos axentes de seguros, o regulamento inclúe baixo o seu réxime os axentes de seguros exclusivos e os vinculados, sempre e cando cumpran cos requisitos do TAED e non subscribisen ningún contrato mercantil con auxiliares externos.

O contrato de axencia de seguros suscrito por un TAED rexerese pola normativa reguladora dos traballadores autónomos no que non se opoña á normativa específica que regula o contrato de axencia de seguros conforme á Lei 26/2006, do 17 de xullo.

Os conflitos orixinados polo contrato de axencia suscrito por un TAED poden ser sometidos a mediación ou arbitraje.

O regulamento tamén especifica que o contrato deberá ser rexistrado polo traballador autónomo no prazo de dez días hábiles desde a súa sinatura e comunicarlle ao cliente o devandito rexistro nos cinco días hábiles seguintes. Se no prazo de 15 días desde a sinatura o cliente non recibiu comunicación do traballador do rexistro do contrato, será o cliente o obrigado a efectuar o devandito rexistro nos dez días hábiles seguintes.

Tanto o rexistro do contrato inicial como calquera modificación posterior a este, efectuarase nos servizos públicos de emprego estatal ben de xeito físico, presentando unha copia do contrato persoalmente ou a través de representante, ben por vía telemática.

O regulamento considera que o Servizo Público de Emprego Estatal poida encomendar o rexistro de contratos dos traballadores autónomos economicamente dependentes aos órganos correspondentes das comunidades autónomas, logo de solicitude destas, sen prexuízo de carácter estatal e único.

O contrato de axencia de seguros suscrito por un TAED rexistrarase nos termos expostos no regulamento, sen prexuízo de que éste se inscriba ademais no Rexistro administrativo de mediadores de seguros, corredores de reaseguros e os seus altos cargos.

O cliente deberá tamén informar os representantes dos traballadores sobre a contratación de TAED nos dez días hábiles seguintes, indicando a identidade do traballador autónomo, o obxecto do contrato, o lugar de execución e a data de comezo e duración do contrato, excluíndo no posible datos persoais que sexan obxecto de protección conforme á normativa que protexe os dereitos fundamentais á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, así como a Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal.

Portugal adopta un novo Código do Trabalho

O pasado mes de febreiro entrou en vigor o novo *Código do Trabalho* (CT) en Portugal, que introduce algunhas novidades na adaptabilidade das empresas e no control da precariedade laboral.

A aplicación desta reforma sufriu certo atraso ao revisarse a constitucionalidade do período de proba de 180 días que establecía para os traballadores. Finalmente este prazo reduciuse ata 90 días para a xeneralidade dos traballadores, mantense en 180 días para os técnicos especializados e ascende ata os 240 días para os cargos de confianza.

A nova normativa inclúe unha taxa do 5% ás empresas que teñan ao seu servizo traballadores por conta propia e incrementa a cotización dos contratos de duración determinada.

Ademais flexibiliza a xornada laboral e os horarios. Por un lado, mantén a xornada de 40 horas semanais, mais, por outro, permite que o traballador e a empresa pacten para incrementala ata en 10 horas máis ou reducila ata as 34 horas.

O novo texto introduce outras novidades no ámbito das medidas de conflito colectivo, a simplificación dos procedementos disciplinarios, o incremento de días dispoñibles para a atención a familiares e a mellora do permiso de paternidade.

A entrada en vigor das reformas introducidas no *Código de Trabalho* queda nalgúns casos supeditada á aprobación da normativa de desenvolvemento.

A revisión foi introducida a través da Lei n.º 7/2009, do 12 de febreiro, publicada no *Diário da República* o 20 de febreiro de 2009.

Consultas

Control documental das empresas contratadas

Cuestión: Unha empresa española do sector da construción está a desenvolver unha obra de infraestrutura en Galicia. Para executar unha parte do traballo, contrata unha empresa portuguesa que deberá desprazar 10 traballadores a Galicia. Que documentación lle pode requirir a empresa galega á empresa portuguesa para ter por seguro que esta cumpre coas obrigas e coas responsabilidades esixidas pola lei?

Resposta: En primeiro lugar, cabe dicir que, ao ser empresas do sector da construción, deben estar inscritas no Rexistro de Empresas Acreditadas segundo dispón a Lei 32/2006, do 18 de outubro, reguladora da subcontratación no sector da construción e a súa normativa de desenvolvemento.

En segundo lugar, debemos ter en conta que a empresa que pretenda contratar ou subcontratar os servizos doutra para a execución dunha obra está obrigada a comprobar que esta está inscrita no devandito rexistro. Poderá facelo solicitando a este unha certificación, que lle servirá para acreditar, ademais, que a empresa que contrate está ao día en canto ao cumprimento das obrigas relativas á súa solvencia, a súa disposición cara a unha organización preventiva adecuada e a uns recursos humanos coa formación necesaria en materia de prevención de riscos laborais.

En terceiro lugar, cómpre salientar que se as empresas portuguesas que desprazan traballadores presentan o correspondente impreso E-101 da Seguridade Social por cada traballador desprazado, significa que foron obxecto dun ex-

haustivo control por parte da Seguridade Social portuguesa, xa que, para a súa expedición, se esixe un volume importante de documentación e requisitos que implican que esta pode demorar ata un mes.

Ademais do certificado do rexistro e dos impresos E-101 dos traballadores desprazados, a empresa que contrate outra compañía (neste caso de Portugal) podería requirir determinados documentos para asegurar que a contratada ten todo en regra. Sen ánimo de exhaustividade e a título indicativo, enuméranse deseguido certos documentos que se lle poden requirir á empresa que se contrata. Distinguiremos, por unha banda, documentación referida á propia empresa e, pola outra, aquela específica dos seus traballadores:

Respecto á empresa:

- Póliza de responsabilidade civil e xustificante de pagamento con cobertura en España.
- Póliza de accidentes de convenio e xustificante de pagamento.
- Certificados da Seguridade Social e de Facenda de estar ao corrente dos pagamentos.
- Os TC ou equivalentes do último mes liquidado e xustificante de pagamento.
- Contrato do servizo de prevención alleo e vixilancia da saúde e xustificante de pagamento.
- Documento acreditativo de que posúe avaliación de riscos laborais (incluírá os traballos que se realizarán así como a maquinaria e/ou equipos de traballo).
- Plan de prevención e planificación da actividade preventiva.

- Documento de asociación coa mutua ou equivalente.
- Adhesión ao Plan de seguridade e saúde da obra.

Respecto aos traballadores:

- Listaxe asinada e selada dos traballadores que entrarán na obra, en que figure: nome, apelidos, DNI, data de nacemento, categoría, posto, data de entrada e se ten algunha sensibilidade.
- Copia do documento nacional de identidade ou equivalente dos traballadores.
- Contratos de traballo debidamente rexistrados.
- Certificado de aptitude do recoñecemento médico para o seu posto de traballo.
- Certificados de formación en materia de prevención de riscos laborais.
- Información dos riscos e das medidas preventivas do posto de traballo.
- Información dos riscos, das medidas preventivas e de emerxencia que se adoptarán na obra.
- Autorización para a manipulación de maquinaria.
- Xustificante de entrega dos EPI (equipos de protección individual).
- Acta de nomeamento de recurso preventivo.

Antes de pagar a factura dos servizos prestados pola empresa contratada ou subcontratada, débese comprobar documentalmente que esta teña satisfeitas na devandita data as súas obrigas coa Seguridade Social e con Facenda, así como cos seus traballadores en canto ao pagamento das súas nóminas.

Fiscalidade do traballador desprazado: obrigas e beneficios

Cuestión: Un traballador residente en Galicia é contratado por unha empresa para desenvolver a súa actividade profesional nun centro de traballo en Portugal durante tres meses. Está obrigado a tributar en España? Existe algún beneficio fiscal para este tipo de traballadores?

Resposta: En primeiro lugar, convén aclarar que, desde o punto de vista fiscal, para que un traballador teña establecida a súa residencia habitual en España, debe darse algunha das dúas circunstancias seguintes:

- Que permaneza en territorio español máis de 183 días durante o ano natural. Para determinar este período de permanencia, computaranse as ausencias esporádicas salvo

que o contribuínte acredite a súa residencia noutro país.

- Que radique en España o núcleo principal ou a base das súas actividades ou intereses económicos, de forma directa ou indirecta.

Entendendo, polo tanto, que este é o caso que nos ocupa, o traballador debe tributar pola totalidade das súas rendas mundiais en España. A devandita obriga de tributar materializaríase a través da súa declaración de IRPF na que a retención das devanditas rendas ten en xeral o tratamento dun pagamento a conta.

Non obstante, o traballador pode acollerse a unha exención establecida no art. 7 da LIRPF, xa que ata o límite de 60.100 euros anuais os rendementos do traballo percibidos polos tra-

ballos efectivamente realizados no estranxeiro estarían exentos sempre e cando concorran os seguintes requisitos:

- Que os traballos se realicen para unha empresa ou entidade non residente en España ou con establecemento permanente radicado no estranxeiro.
- Que no territorio en que se realicen os traballos se aplique un imposto de natureza idéntica ou similar ao IRPF e non se trate dun país ou territorio considerado paraíso fiscal.

A aplicación da exención require un desprazamento do traballador fóra do territorio español e que o centro de traballo se sitúe igualmente fóra deste polo menos de forma temporal.



Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)

Rúa do Vilar, 54
15705 Santiago de Compostela
Tel.: + 34 981 555 888
Fax: + 34 981 555 882
E-mail: euoinfo@ceg.es
<http://www.ceg.es>

EURES Transfronteirizo Norte Portugal-Galicia

Ed. Ex-Alfândega. Av. de Espanha
4930 - 677 Valença. Portugal
Tel.: + 351 251 826 105
Fax: + 351 251 826 104
<http://www.eures-norteportugal-galicia.org>

Cooperación empresarial

A Dirección Xeral de Empresa e Industria da Comisión Europea puxo a disposición da Enterprise Europe Network unha ferramenta telemática especialmente deseñada para identificar e localizar empresas interesadas en establecer acordos de cooperación: a *Business Cooperation Database*.

A continuación, preséntanse algúns perfís de cooperación ofertados ou demandados por empresas portuguesas ou galegas. Pódese solicitar información complementaria e referencias das ofertas publicadas no Servizo de Información Europea da Confederación de Empresarios de Galicia (euoinfo@ceg.es).

Portugal

Ref. 09/162/EC

Empresa do sector téxtil especializada en fabricación de toallas, paxamas, albornoces e roupa de cama ofrece servizos de intermediación comercial en Portugal e busca intermediarios en países da UE.

Ref. 09/161/EC

Fabricante de equipos para construción de chans industriais busca servizos de intermediación comercial: axentes, representantes e distribuidores.

Ref. 09/131/EC

Empresa especializada na fabricación de pequenas series de pezas metálicas de alta precisión tecnolóxica ofrécese para subcontratación.

Ref. 09/130/EC

Empresa especializada na elaboración de produtos de alta calidade para construción, como cementos, morteiros e similares, busca servizos de intermediación comercial: axente, representante, distribuidor.

Galicia

Ref. 09/017/NEC

Empresa fabricante de conservas de peixe e marisco, busca servizos de intermediación comercial: importador, distribuidor.

Ref. 09/016/NEC

Empresa especializada na fabricación de compoñentes para mobles en madeira ou fibras, busca servizos de intermediación comercial: axente, representante, distribuidor.

Ref. 09/015/NEC

Empresa especializada na elaboración e crianza de viños, ofrécese e busca servizos de intermediación comercial: axente, representante, distribuidor.

Ref. 08/014/NEC

Empresa especializada na fabricación e distribución de estores e cortinas para a decoración de ventás e protección solar, busca cooperación comercial (axente, representante ou distribuidor) e socio para *joint-venture*.

Ref. 08/013/NEC

Empresa con instalación de cincado electrolítico e fabricante de pezas roscadas e en arame, como abrazadeiras, porlóns de ancoraxe, ganchos, varas, pezas baixo plano e pezas de estampación en chapa, ofrece servizos de subcontratación. Así mesmo, ofrécese para a distribución en España de elementos relacionados co sector da construción na canle de almacéns de materiais.

Ref. 08/012/NEC

Empresa especializada na elaboración de produtos alimentarios precociñados de calidade, busca cooperación comercial (distribuidores). Así mesmo, busca manter unha relación estreita con este socio comercial para poder ofertarlle produtos personalizados para nichos de mercado que requiran destes produtos específicos.

Ref. 08/011/NEC

Empresa especializada na fabricación de produtos de cerámica, busca cooperación comercial: representante ou distribuidor (tendas de decoración, xoias etc.).

Ref. 08/009/NEC

Empresa especializada na fabricación e no deseño de invernadoiros e complementos para a agricultura, busca cooperación comercial: representante e/ou distribuidor.

Ref. 08/008/NEC

Empresa especializada no deseño e fabricación de transmisores de televisión analóxica e dixital, busca cooperación comercial: distribuidores, en Europa e América Latina.

Ref. 08/005/NEC

Empresa almacenista busca clientes almacenistas internacionais para a venda de peixe e marisco galego.

Ref. 08/004/NEC

Empresa distribuidora de produtos químicos, ofrécese para cooperación comercial: axente ou representante para distribución de produtos do sector químico en xeral.

Ref. 08/003/NEC

Empresa de servizos de enxeñaría e ambientais ofrécese para cooperación técnica, produtiva e comercial en España.

Ref. 08/002/NEC

Empresa fabricante e comercializadora de sistemas de pesaxe industrial, busca distribuidores do sector agrícola-gandeiro para comercializar nos estados da Unión Europea os seguintes produtos: máquinas de muxir, equipos pulverizadores, *mixers*, depósitos de frío para leite, revestimento plástico para muros e salas de alimentación e equipamento para plantas de transformación de leite.

Ref. 08/001/NEC

Empresa de conservas de alimentos busca distribuidor ou representante para vender os seus produtos no Norte de Portugal, especialmente castañas e grellos en lata ou conxelados.

Os contidos e información incluídos neste boletín non vinculan a Confederación de Empresarios de Galicia, pois trátase dun servizo ofrecido con carácter informativo e divulgativo.

Queda prohibida a reprodución total ou parcial dos contidos do presente boletín sen a autorización da Confederación de Empresarios de Galicia.

Depósito Legal: C-4398-2007

ISSN: 1888-3664